

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2019

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Muras, o vinte e seis de decembro de dous mil dezanove, re3nese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n p3blica ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL
DONA CRISTINA FRANCO PARDO
DON MARIO ROUCO REY
DONA MARIA EUGENIA REQUEIJO ARNEJO
DON JES3S TRASTOY CAMBA
DON ALBERTO D3AZ D3AZ

Da fe do acto a Secretaria do Concello dona Silvia Lamelas Soto.
Sendo as vinte e dous horas pola Presidencia declarase aberta a sesi3n.

De seguido, sometendose a debate e aprobaci3n os seguintes asuntos;

1.- APROBACI3N SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESI3NS ANTERIORES

Sometese a votaci3n a acta da sesi3n do Pleno ordinario levado a cabo o d3a 30 de outubro de 2019.

Sometese o punto a votaci3n.

O Concello en Pleno, en votaci3n ordinaria por sete votos a favor, acordan aprobar a acta.

2.- APROBACI3N, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2020

Visto o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio de 2020, que incl3e o Orzamento Municipal.

Tendo en conta que a s3a estrutura orzamentaria ax3stase 3s normas contidas na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais; que no Estado de ingresos, recoll3ronse previsi3ns razoables dos ingresos que se prev3n liquidar, e no Estado de Gastos, os cr3ditos necesarios para atender as obrigaci3ns esixibles 3s respectivas Corporaci3ns; que se formou o Orzamento Xeral con toda a documentaci3n prevista na lexislaci3n vixente e que non existe d3ficit inicial.

Vista a proposta de Persoal comprensivo da totalidade dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.



De conformidade cos artigos 168.4 e 5 do TRLHL e 90 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local

Proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2020, que ascende a un importe de UN MILLON OITOCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL EUROS (1.854.000,00€) no Estado de Gastos e UN MILLON OITOCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL EUROS (1.854.000,00€) no Estado de Ingresos, segundo o seguinte detalle:

INGRESOS

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.155.000,00€
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	5.000,00€
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	138.200,00€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	553.800,00€
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.000,00€
	Total Operacións Correntes	1.854.000,00€
	Operacións de capital	
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,0
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,0
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,
	Total Operacións de Capital	0,0
	TOTAL XERAL	1.854.000,00€

GASTOS

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	GASTOS PERSOAL	542.867,10€
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	1.069.532,90€



3	GASTOS FINANCEIROS	2.500,00€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	98.700,00€
	Total Operacións Correntes	1.786.400,00€
5	FONDO DE CONTINGENCIA E OUTROS IMPREV	72.800,00€
6	INVESTIMENTOS REAIS	67.600,00€
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00€
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00€
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
	Total Operacións de Capital	67.600,00€
	TOTAL XERAL	1.854.000,00€

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal funcionario e laboral para 2020 que figura no expediente.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

CUARTO.- Expoñer ao Público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días, durante os cales, os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno; estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de que non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública considerarase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral para o ano 2020.

Non obstante o Pleno acordará o que estime oportuno

Aberto o debate, o Sr. Alcalde indica que hai un erro na Base 36.2.b) e debe eliminarse o parágrafo seguinte:

“Asistencia sesións da Xunta de Goberno Local e Xunta de delegados, 200 euros por reunión.

Asistencia a sesións de comisións informativas de Asuntos xerais e de Facenda 25 euros por reunión.”

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por catro votos a favor do BNG e do PSdG-PSOE e tres abstencións do PP, acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.



3.- CORRECCIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2020

Visto o requerimento da Xunta de Galicia, Delegación Territorial de Lugo, Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o cal, e de acordo coa normativa vixente, en concreto os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores na súa redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, o Concello de Muras (Lugo) ten que notificar á Xefatura Territorial de Emprego os dous días que se fixan como festas locais do Concello, así como a denominación da Festividade que se celebra.

Visto que na sesión ordinaria 28.08.2019 fixéronse como festividade locais os días 25 de febreiro (martes de entroido) e o 29 de xullo (San Pedro de Muras).

Advertido un erro xa que o 29 de xullo non é San Pedro, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Correxir o acordo adoptado polo Pleno na sesión ordinaria levada a cabo o 28.08.2019 e donde dí:

Fixar como festivos locais do Concello de Muras para o ano 2020 os seguintes:

- 25 de febreiro de 2020, martes de Entroido
- 29 de xullo de 2020, San Pedro de Muras

Debe decir:

Fixar como festivos locais do Concello de Muras para o ano 2020 os seguintes:

- 25 de febreiro de 2020, martes de Entroido
- 29 de xuño de 2020, San Pedro de Muras

SEGUNDO.- Dar traslado do presente a cordo a Xefatura Territorial de Emprego, Economía e Industria.

Non obstante, o Pleno adoptará o que estime oportuno.



Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ORDENANZA FISCAL DO CEMITERIO MUNICIPAL.

Visto que a Ordenanza Municipal reguladora do precio público pola concesión de nichos no cemiterio municipal data do 28 de outubro de 1998.

Visto que é necesario proceder a súa modificación polas seguintes causas:

1.- De conformidade coo artigo 20 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as entidades locais, nos termos previstos nesta lei, poderán establecer taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos.

Engadindo o apartado 4 do artigo 20 que as entidades locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:

p) cemiterios locais, conducción de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local.

Polo tanto, corríxese a ordenanza e de liquidarse por un prezo público pasa a liquidarse por un tributo propio como é o da taxa.

2.- Tras realizar obras de mellora e ampliación no cemiterio municipal e habendo quedado obsoletos os importes da ordenanza antiga, procédese á regularización de ditos importes.

E por iso polo que propono ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de nichos no cemiterio municipal coa redacción que a continuación se recolle:

ORDENANZA FISCAL TAXA POLA CONCESIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL CONCELLO DE MURAS

Artigo 1 Fundamento e natureza



En uso das facultades recoñecidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos art. 15 a 19 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a "Taxa pola concesión de nichos no cemiterio municipal no Concello de Muras"

Artigo 2 Feito imponible

A débeda tributaria determinarase polo sistema de cota fixa.

Artigo 3 Obrigados tributarios

1. Son obrigados tributarios contribuíntes os solicitantes da concesión e, no seu caso, os titulares de dereitos regulados nesta Ordenanza.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4 Exencións e bonificacións

Só serán de aplicación aqueles beneficios fiscais que estean recoñecidos en norma con rango de lei ou en tratados internacionais validamente celebrados.

Estarán exentos, os servizos que se presten con ocasión de:

- Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade. Para estes efectos, o Concello de Muras reservase a propiedade dunha columna de nichos (3). Nestes casos, será necesario informe dos servizos sociais do Concello.
- As inhumacións que ordene a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.
- Quen, ata a data, sexan titulares de nichos excepto para o caso de transmisións.

Artigo 5 Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por aplicación das seguintes tarifas:

CONCESIÓN:

Empadroados residentes:.....832,00€

Empadroados non residentes:..... 1.000,00€

Resto de usuarios:..... 1.500,00€

CAMBIOS TITULARIDADE

- Con carácter xeral, nos cambios de titularidade inter vivos a título oneroso, aplicarase o tipo do 20% sobre o prezo fixado no título mediante o cal se efectúa a transmisión.



- Con carácter xeral, nos cambios de titularidade inter vivos a título gratuito, aplicarase o tipo do 10% sobre o prezo de concesión paga ao Concello.

Cando se produza un cambio de titularidade que poña de manifesto a existencia de anteriores transmisións que non foron obxecto de autorización e pago de dereitos, abonarase a cantidade íntegra que resulte da liquidación de todas as transferencias anteriores de acordo coas tarifas establecidas pola Ordenanza actualmente vixente.

Artigo 6 Pagamento

Devéngase a taxa e nace a obrigaón de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose para estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude daqueles. No caso de solicitudes existentes con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza, terán preferencia en canto á súa concesión pero deberán axustarse ás taxas da presente ordenanza.

Artículo 7 Prazo concesión

O prazo de concesión será de trinta e cinco anos, con prórroga sucesiva de quince anos, a solicitude de parte interesada e ata un máximo de cincuenta anos, incluíndo o período inicial e a súa prórroga. Terminado o período de concesión, o titular do nicho e os seus herdeiros terán dereito preferente sobre outras persoas para obter unha nova concesión sobre o mesmo nicho. Os dereitos de prórroga e as sucesivas concesións estarán supeditadas ás dispoñibilidades que existan no momento da solicitude e os dereitos serán os que estean establecidos na Ordenanza que rexa cando se autorice a prórroga ou nova concesión.

Artículo 8 Normas complementarias

1.- A solicitude de prestación dos servizos regulados nesta Ordenanza formularase na correspondente instancia, que se facilitará na oficina de rexistros do Concello. As solicitudes serán atendidas por rigorosa orde de entrada no Rexistro do Concello. No caso de solicitudes existentes con anterioridade á entrada en vigor da presente esta ordenanza, terán preferencia en canto á súa concesión.

A resolución será notificada ao interesado e darase conta dela aos servizos municipais responsables da execución da mesma.

2.- En caso de desatención das sepulturas de calquera clase, por parte de quen ostenta a súa titularidade, que cause un estado de ruína ou abandono, que produza perigos ou desmerezca o necesario ornato e aspecto do lugar, o Concello poderá proceder á retirada de cuantos obxectos atópanse deteriorados ou en mal estado, sen que poida esixírselle resarcimiento ou indemnización algunha en tal concepto.

Artículo 9 Reversión

O Concello poderá declarar a caducidade, revertendo á Entidade Local a plena dispoñibilidade dunha sepultura nos seguintes casos:



1º. Por estado ruinoso da construción. A declaración de caducidade requirirá a incoación dun expediente administrativo no cal se dará audiencia ao que apareza como titular do dereito. En caso de non ser coñecido o seu domicilio publicárase o correspondente Edicto no B.O.P., outorgando un prazo de trinta días para efectuar a reparación que proceda. a comparecencia suspenderá a tramitación do expediente ata que transcorra o prazo que se poida conceder para a execución das obras que procedan. Unha vez transcorrido devandito prazo sen que as mesmas realizáronse, declararase a caducidade do dereito mediante resolución da Xunta de Goberno Local. Declarada a caducidade de acordo co establecido

Artigo 10 Infraccións e sancións

En materia de cualificación das infraccións e de sanción das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 178 e ss. da Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral de Xestión.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación o Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://www.muras.gal>].

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

Non obstante o Pleno acordará o que estime oportuno

Aberto o debate producense as seguintes intervencións:

Sra. Requeijo Chao: preguntalle ao Alcalde por qué se reducen os ncihos das columnas de catro a tres e por que se reduce o número de anos das concesións.

Sr. Alcalde: responde que é a norma normativa que regula os cemiterios.



Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor, acordan aprobar a proposición presentada ao Pleno.

5.- MOCIÓNS DE URXENCIA

Non hai mocións de urxencia.

6.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dase conta das resolucions.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Requeijo Chao:

Realiza las siguientes preguntas:

- Que presentou no rexistro de entrada do Concello un escrito pedindo explicacións de por que no balcón do Concello só hai unha bandeira, a de Galicia.
- Que no último pleno falouse da reelectrificación do Concello pero hai diferentes zonas do mesmo nos que aínda non hai farois.
- Que en prensa vén que haberá unha reunión co conselleiro de Medio Rural polo tema da tuberculose. Cando se vai a celebrar e de que temas falarán?
- En canto á traballadora social, que cando terá xornada completa.
- Que tras as podas polas pistas de Musdradas quedaron resto de ramas que tocan aos coches. Cando se van a retirar?
- Que a última gravación do pleno colgada en redes sociais escóitase moi mal. Cando van arranxar os micrófonos?
- Noutras ocasións falouse de como facer ou solicitar a parcelaria. Poderíase mirar o de favorecer a unificación de leiras entre elas por grupo de casas ou por zonas.
- En canto ás obras na casa dous señores do Alto. Se acabarán as obras?? Faranse máis obras?? É que a cociña está moi mal.

Sr. Alcalde: En canto á pregunta das bandeiras o Alcalde indica que se quitaron debido ao mal tempo que as estraga. En canto á pregunta da reelectrificación, nos lugares indicados, colocaranse farois se hai veciños empadroados e cando haxa algunha subvención para poder facer o gasto estudiarase. En canto á reunión coa Consellería do Medio Rural, sinala o Alcalde que hai un problema con 750 cabezas de gando inmovilizado, e que nesa reunión, que será o 10 de xaneiro deriváronos a uns directores



xerais; engade que cre que todo quedará como está. En canto á traballadora social, sinala que están no camiño de regularizar a praza de traballador social. Praza que aparece na RPT e que hai pouco comezaron os exames para cubrila pero que por agora quedou deserta. En canto ás pistas de Musdradas, si, hase desbrozado. Indica o Sr. Alcalde que primeiro se rozou e agora está previsto traer unha trituradora para poder acabar cos traballos. En canto aos micrófonos, si, efectivamente escóitase moi mal e tratarase de solucionar. En canto á parcelaria, o Sr. Alcalde prefire que conteste o Concelleiro de Medio Rural, Sr. Rouco Rey que fai unha exposición do procedemento para seguir para solicitar as parcelarias. En canto á pregunta das obras na casa dos señores do Alto, o Sr. Alcalde deriva á Sra. Chao Ramil, Concelleira de Servizos Sociais a cal solicita que non se volvan a traer a Pleno asuntos de servizos sociais porque están especialmente protexidos poñendo en situación de vulnerabilidade ás persoas.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levantou a sesión as vinte e tres horas e cuarenta e sete minutos, da que se estende a presenta acta que firma comigo, de todo o que, como Secretaria, dou fe

